

PEZA DO MES

xaneiro

2004



PLACA DECORATIVA DE AMIADOSO

SÉC. II D.C. E SÉC IX/ X D.C.

MÁRMORE VETEADO. RELEVO.





A PEZA NA SÚA PRIMEIRA UTILIZACIÓN

PLACA DECORATIVA DE AMIADOSO

A primeira mención desta peza aparece nun traballo de Puga Brau sobre o escritor alaricano P. Loya, mención que permitiu a recuperación da peza e o seu primer estudo por parte de Osaba e Ruiz de Erechún, naquelas datas director do museo ourensán, no mesmo volume do Boletín do Museo Arqueolóxico de Orense.

Este bloco marmóreo, prismático, cunhas dimensións de 46 cm ao fronte, 15 cm de fondo e 65 cm de outo, presenta un estado de conservación regular, coas superficies desgastadas e unha rotura considerable no seu extremo superior dereito, que non impide a identificación dos temas representados e resulta unha peza sorprendente polo feito de ter decoradas tódalas súas caras, seis, como resultado dunha reutilización da mesma.

Estaba incrustado nunha das paredes dunha construción do lugar de Amiadoso, da parroquia de San Martiño de Pazó, próximo a vila de Allariz, construción que facía veces de capela e que foi identificada como posible resto visigótico,

DETALLE



a traveso do estudo detallado dos seus paramentos, nun traballo publicado no Archivo Español de Arqueología por Xaquín Lorenzo, a quen celebramos neste ano coma persoeiro do Día das Letras Galegas.

No lugar hai indicios dun xacemento tardorromano, e, entre os restos, un capitel corintio, en granito, atopado anos despois e regalado ó Museo, o que confirmaría a súa orixe, aínda que Rivas propuxera hai tempo coma orixe inicial da peza o lugar de Pazó.

Inicialmente, a peza traballouse como unha placa, con orientación vertical, e a ese plano corresponde un frontal e os laterais máis longos. Así, presenta nos laterais senllas cráteras gallonadas da que xurde un tallo ondulado de vide con follas e acios. Unha delas consérvase en moi bo estado e permite ver a calidade da execución, o tipo de cántara e os detalles volumétricos, namentras a outra, que serviu de apoio na fase de reutilización, presenta un importante desgaste que deixou caseque irrecoñecible o relevo, que pasou desapercibido durante tempo, ata que o demos a coñecer no artigo escultura da Gran Enciclopedia Galega. No frontal, recadrado por un listel, aparece unha mata de acanto, coas follas de nervos ben marcados, da que saen roleos e tallos nos que picotean dous paxariños, non simétricos, un no tallo e outro na folla, iste máis desfeito, pero ambólos dous perfectamente recoñecibles.

Esta peza resulta pola talla, tema e execución un dos mellores exemplos da plástica romana en Galicia, aínda que ata hai poucos anos pasara caseque desapercibida (e de feito se non incluíu nas diversas compilacións publicadas dende a súa descuberta), como elemento complementario daquel outro que deu orixe á reutilización da peza e cicais tamén por non se ter advertido a existencia da cántara no lateral que lle servía de base.

Significativamente tallada en mármore (de tipo local, veteadado en azul, coñecido coma mármore do Incio ou de Braganza) o nivel de deterioro sufrido non impide apreciar a riqueza formal da talla e a calidade expresiva acadada no traballo, o que permite encadrala á perfección nos procesos definidos por Balil como arte provincial para un cliente culto. Polos temas non se pode inferir que nos encontremos ante un elemento cristiano per se, coma se ten valorado inicialmente e serviu para propor unha datación visigótica —establecendo tamén os paralelos formais do elemento lateral cos relevos do sartego de Ihacius da catedral oventense ou o de Braga—, xa que roleos e vides que saen dun cántaro e acantos son temas propios da arte romana, e aínda que, sobre todo a crátera con vides, adopten un marcado simbolismo cristiano, o certo é que tamén o é dionisiaco ou funerario, e a súa reiteración banalizouno ata convertilo en propiamente decorativo. E se o tema se incardina na arte romana, a execución, a técnica de traballo a trepano, a calidade formal e os elementos de comparación posibles, abundan en facer plausible unha proposta cronolóxica do século II, como propuxeron no seu día Acuña Fernández e Valle Pérez, para o tempo de realización desta primeira etapa da peza, que servía como elemento decorativo, ben illado, ben formando parte dunha pilastra, dun conxunto do que non temos máis elementos que o capitel xa citado. Núñez, no seu estudo sobre a arquitectura prerrománica galega, considerouna un pouco posterior, do século IV, e suposto resto dun mausoleo, cunha temática de inspiración báquica con paralelos en pezas do Baixo Alemejeo e coas de Gallipienzo. Recentemente Rodríguez Colmenero, datándoo n século IV, volve a consideralo un cancel, no noso xuicio sen xustificación algunha, alegando os paralelos de Saamasas, de data máis tardía e vencellables formalmente coa segunda etapa desta nosa peza.

Posteriormente reutilizouse, pero o cambio non é colocándoa novamente como estaba con outra

función como acontece por veces, senon facendo un novo uso que cambia o seu eixo visual e recibe nova decoración que, técnica e formalmente, está moi alonxada da anterior. Así, déuselle a volta, cambiouse o eixo e dispúxose horizontalmente, sobre o reverso e os seus laterais, un novo tema, desenvolvendo a mesma función de placa decorativa; isto é, a peza reutilizouse nun momento posterior, que algúns queren visigótico, outros do século XI —en paralelo ós relevos de Camba—, e outros, nos que conto, seguindo a Lorenzo e Núñez, do século IX ou X, acorde coas referencias documentais existentes e coas outras pezas localizadas con esta, concretamente dous blocos de pedra do país, que presentan na súa fronte senllas cruces asturianas dentro dun listel que recada a peza nun caso e sen listel noutro. E o mesmo cabe deducir, seguindo a Caballero, do análise formal da técnica redondeada dos roleos dos marcos en relación cos seus paralelos máis directos.

Neste momento, cambiaselle o eixo á peza e ábrese sobre o reverso un novo tema, desenvolvendo a mesma función de placa decorativa sen descartar que enlázase con outra peza, xa que o listel que recadra a fronte do conxunto só ten tres lados e falla na parte baixa, que coincide co lateral repicado e alisado, pero sen aquelas marcas que o definirían coa función dun cancel coma se ten interpretado nas primeiras publicacións. Dentro do recadro se desenvolve un tallo ondulado con follas triangulares que alternan, tema que se repite nos laterais, deixando no centro, nun marco rectangular, unha escea na que hai coma unha árbore no lado dereito e dous persoaxes, vestidos con túnica ata os xeonllos, afrontados e que sosteñen algo nas súas mans. A escea resulta de difícil identificación, derivada do deterioro superficial, e ten sido obxecto de debate o tema tratado. Recentemente Bango propuxo a posibilidade de tratarse dunha Ascensión de Cristo, o que lle outorgaría un excepcional interese iconográfico.

A PLACA NA SÚA SEGUNDA UTILIZACIÓN



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004

